

A Academia Galega de Teatro, ante a noticia de que a montaxe *Shakespeare en Roma*, producida polo Centro Dramático Galego, acudirá ao Festival de Mérida nunha versión en castelán realizada *ad hoc* para este evento, quere manifestar o seu rexeitamento e incompreensión ante o abandono da lingua propia de Galicia por parte dunha institución que depende da Axencia Galega de Industrias Culturais, entre cuxos fins está precisamente “garantir o progreso da cultura galega, e nomeadamente a **normalización e o impulso do idioma galego como medio para protexer e fomentar a identidade cultural de Galicia**, o desenvolvemento social, o crecemento económico e o **diálogo intercultural**”.

A Academia entende que un festival da categoría do de Mérida supón un escaparate de primeira liña precisamente para actuar nun dos ámbitos onde a situación de exclusión da nosa lingua é máis evidente, pois o teatro galego conta con calidade demostrada e gran capacidade para proxectar a identidade galega máis alá das nosas fronteiras, así como para contribuír ao desenvolvemento cultural do noso país.

O contexto dos festivais internacionais semella idóneo para mostrar as capacidades da nosa lingua, xa que, por unha banda, o público que acode a eles está afeito a asistir a espectáculos en calquera idioma -de feito, ese é un dos incentivos deste tipo de encontros- e, pola outra, os organizadores contan coa estrutura técnica necesaria para ofrecer un espectáculo subtítulado sen menoscabo da función. A representación en galego suporía, en fin, unha oportunidade incomparable para recoñecer a pluralidade lingüística como principio básico da organización do Estado.

Renunciar ao emprego da lingua na que se creou un espectáculo escénico supón corromper a experiencia artística que se deriva da súa contemplación. Que o faga unha compañía institucional significa asumir unha posición de subordinación do galego que resulta inadmisíbel nunha entidade pública e que contravén a Lei de Normalización Lingüística.

A Academia de Teatro, por todo o exposto, exhorta ao Centro Dramático Galego a recapacitar e rectificar unha decisión a todas luces lesiva para a lingua, para o teatro e para a cultura de Galicia, e invita á compañía a presentar a súa produción na lingua na que foi proxectada, realizada e ofrecida ao público en todas as súas representacións.

19 de maio de 2023